



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

**Novembro 2009**

D.L. C-325-85 Edita CIG-Ensino. R. Miguel Ferro Caaveiro, 10, Santiago. 15703. Tiraxe 12.000

INFORMACIÓN SOBRE O CONCURSO, CUMPRIMENTACIÓN DAS SOLICITUDES...

## **Asembleas sobre o Concurso de Traslados do corpo de Mestres 2009-10**

Todas as Asembleas realizaranse nos respectivos locais da CIG, agás no Barco de Valdeorras

**Santiago de Compostela**, luns 16 de novembro ás 18.30 h

**A Coruña**, xoves 19 de novembro ás 18.30 h

**Carballo**, martes 17 de novembro ás 18 h

**Cee**, martes 17 de novembro ás 18 h

**Ferrol**, luns 16 de novembro ás 18.30 h

**Lugo**, luns 16 de novembro ás 18 h

**Ourense**, luns 16 de novembro ás 18 h

**O Barco de Valdeorras**, martes 17 de novembro ás 17 h

*(CEIP Condessa Fenosa)*

**Verín**, martes 17 de novembro ás 18.30 h

**Pontevedra**, luns 16 de novembro ás 18.30 h




**O Salnés (Vilagarcía)**, luns 16 de novembro ás 18.30 h

**Lalín**, luns 16 de novembro ás 18.30 h

**Vigo**, xoves 19 de novembro ás 18.30 h

**O Morrazo**, xoves 19 de novembro ás 18.30 h

### Lembra que...

-  A Cumprimentación da instancia a través de internet non exime da obrigatoriedade de presentala por escrito.
-  As solicitudes do concurso poden presentarse nas secretarías dos centros.
-  O profesorado en prácticas ten que concursar. Participa con 0 puntos. Isto é, sen méritos.

## Criterios de baremación empregados nas comisións nos cursos anteriores

**Criterios:** Estes criterios deben ser unicamente considerados como provisionais, xa que poden ser mudadas as comisións para este concurso. A CIG-Ensino vén demandando que se unifiquen os criterios para todas as comisións e que se coñezan con antelación.

### Apartado E. Cursos. Máximo 3,5 puntos

- E.1. Máximo 1 punto
- E.2. Máximo 2 puntos
- E.3. 0,5 por especialidade

#### Puntúan

- A anticipación da lingua inglesa puntúa no apartado E.2
- Cursos organizados por asociacións sen ánimo de lucro nos que conste o recoñecemento das Universidades e figuren rexistrados nas actividades de formación dos docentes das respectivas Universidades serán valorados.
- Cursos de formación realizados en Universidades estranxeiras relacionados con disciplinas do currículo académico serán valorados.
- Cursos referentes a novas tecnoloxías así como a temas transversais do currículo son puntuábeis.
- Os cursos de perfeccionamento nos que a administración educativa ou as Universidades actúan exclusivamente como colaboradoras, non puntúan.
- Os cursos de perfeccionamento homologados ou recoñecidos polas administracións educativas son valorados.
- Todos os cursos de especialización deben ser valorados con 2 puntos.
- A actividade de responsábel de centro no programa "Entre nós, en galego" é puntuábel polo apartado E-1 (cursos impartidos).
- A puntuación por novas especialidades (E.3) é só para as adquiridas por oposición.
- O Certificado de Lingua Galega (CELGA) puntúa.
- As titorías de funcionarios en prácticas puntúan no apartado E.1.

#### Notas Varias

- As homologacións de actividades de formación son posteriores ao ano 1992. Existe de todas formas, unha listaxe de cursos anteriores a este ano con recoñecemento de horas a efecto de homologación.
- Nos cursos recibidos ou impartidos non cabe redondear a puntuación (77 horas=0.7).
- 1 crédito = 10 horas.
- 1 crédito impartido/superado son 0,10 puntos.

#### Non puntúan

- Ao persoal docente destinado en CEFORES non se lle puntúa por actividades desenvolvidas nos seus propios centros, si noutros.
- Non é puntuábel ter superado a proba de galego no concurso oposición de ingreso no corpo.
- Non se valorarán cursos pertencentes a estudos que conducen á expedición dun título.
- Certificación de monitor/a de formación en centros do MEC non puntúa.
- As actividades en escolas viaxeiras non son puntuábeis como actividades de formación.
- Con carácter xeral o CAP non é valorábel. Unicamente se puntúa se o concursante accedeu ao Corpo de Mestres co Título de Mestre ou Dip. en EXB, ou ben, accedendo como licenciado, non convalidou o curso selectivo de formación (ano de prácticas) a través do CAP.
- As coordinacións dos Programas SOCRA-TES e as Accións COMENIUS non puntúan.
- As titorías de alumnado en prácticas non puntúan.

#### **Cursos Lingua**

##### **Iniciación e Perfeccionamento (Xunta)**

Antes de 1983	60 h
1983-1989	95 h
Desde 1989	75 h

##### **Iniciación e Perfeccionamento**

ILG, I.I, USC	60 h
---------------	------

##### **Capacitación en Lingua Galega**

D. Xeral Política L.	150 h
----------------------	-------

##### **Outros Cursos**

Lingua III ou sup.	120 h
Xeog. de Galiza	30 h
Historia de Galiza	30 h
Medio Natural	30 h
Did. da L.Galega	30 h
Literatura Galega	30 h

## Apartado F. Titulacións. Máximo 3 puntos

- F.1. Doutoramento 2,5 puntos
- F.2. Licenciatura 1,5 puntos
- F.3. Diplomatura 1,5 puntos

- As titulacións adquiridas con anterioridade ao ingreso no corpo son puntuábeis (agás a propia titulación pola que se accedeu).
- Un mestre en activo que, desde estudos realizados nas escolas de formación do profesorado, obtivo unha nova diplomatura, puntúa polo apartado F.3.
- O título de axudante técnico sanitario foi homologado á Diplomatura en Enfermería, polo que procede a puntuación no apartado F.3.
- Para obter puntuación por outras titulacións (licenciatura, diplomatura) é obrigatorio presentar o título de mestre.
- O título de **Profesor Superior de Piano** equivale a licenciatura.
- As licenciaturas, se se cursaron completas incluíndo o 1º ciclo, presentando o certificado de estudos, puntuaranse como diplomatura (1.5) + licenciatura (1.5) = 3 puntos.
- A licenciatura en Teoloxía puntúa como tal.
- Nas licenciaturas de catro anos o 1º ciclo (equivalente a diplomatura) puntúase se se acreditan 180 créditos ou os 3 primeiros cursos.
- Os títulos de Graduado social e Asistente social equivalen a Diplomatura.
- Se se accedeu ao Corpo de Mestres coa condición de licenciado, non puntúa nin a licenciatura nin a diplomatura.
- O título de profesor de Piano non ten a condición de titulación de primeiro ciclo (Circular 1/98) nin de licenciatura (inst.D.X./01).
- O título de Piloto da Mariña Mercante non puntúa por non ser expedido por autoridade académica.
- A superación do Curso de Adaptación non supón titulación de 1º ciclo.

## Apartado G.1. Outros méritos. Máximo 10 puntos

### Cargos, publicacións...

#### G.1.1 e G.1.2 Cargos directivos

##### Puntúan

- Os cargos desempeñados desde a condición de funcionario de carreira.
- Os nomeamentos nos que consta curso completo, aínda que non exista posesión ou cesamento.
- Os nomeamentos de cargos directivos, se están asinados polo Delegado/a de Educación
- O desempeño de cargo de vicedirector nun IES
- O desempeño de cargos noutras comunidades, debidamente xustificadas, puntúan.

##### Non puntúan

- O desempeño de posto de traballo en EPA non puntúa, agás cargos directivos en centros específicos con nomeamento expedido pola Delegación.
- O desempeño de cargos en centros privados, incluídos concertados, agás mestres de carreira que, transformado o centro de réxime especial en privado/concertado, desempeñan ou desempeñaron cargos.

#### G.1.3 Coordinacións

##### Puntúan

- O desempeño do cargo de responsábel en centros de menos de 3 unidades (unitarias). Deberá presentarse nomeamento expedido pola Delegación provincial.
- O desempeño de coordinación de ciclo nun CRA.
- O desempeño de coordinacións noutras comunidades, debidamente xustificadas.
- O desempeño do cargo de secretario nun CEFORE.
- O desempeño da xefatura de departamento de relixión nun CPI ou IES, de acordo co decreto 7/1999.
- A coordinación do equipo docente de primeiro ciclo de de primaria, aínda que se trate de CEE, ao estar contemplado no ROC (decreto 374/96).
- A partir da entrada en vigor do ROC (decreto 374/96) puntúanse as seguintes coordinacións: Ciclos (incluído o 1º ciclo da ESO), Equipo de Normalización Lingüística e Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- As coordinacións que constan por curso escolar valóranse como un ano.

- ☑ As coordinacións nas que figura unha data de remate (p.ex.30 de xuño) valóranse por meses e non por curso completo.
- ☑ Os asesores/as SIEGA e de formación permanente.
- ☑ As coordinacións, para ser puntuadas, deben estar visadas pola Inspección Educativa
- ☑ Os Departamentos de Actividades Audiovisuais son puntuábeis até a publicación do ROC.(Do mesmo xeito calquera Departamento anterior ao curso 96/97 -publicación do ROC- que fose creado no centro e estea visado pola Inspección debe ser puntuado):

	CURSO
Departamentos EXB	71/72
Equipos ciclo	81/82
Equipo N.L	89/90

### Non puntúan

- ☒ Os servizos prestados nos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio.
- ☒ As coordinacións do departamento de psicomotricidade (non existe tal departamento na normativa).
- ☒ As coordinacións “de nivel”.
- ☒ As coordinacións do 1º nivel en centros específicos de E.P.A..
- ☒ As actividades de radio escolar.
- ☒ A coordinación do Dep. de Educación Especial (non se contempla no ROC).
- ☒ É incompatíbel, a efectos de puntuación, o desempeño de cargos directivos con coordinacións ou ter dúas ou máis coordinacións no mesmo curso.
- ☒ O desempeño de postos nos departamentos de Orientación adquiridos pola vía do Concurso Específico non son valorábeis. (1ª convocatoria 1998).

### G.1.4 Postos na Administración

- Unicamente se valorarán os servizos prestados na Administración se o posto desempeñado é de nivel de complemento igual ou superior ao do Corpo de Mestres. Os docentes en Comisión de Servizos que perciban as súas retribucións como tales non puntúan por este apartado.

### G.1.5 e G.1.6) Publicacións

- As copias cotexadas con ISBN serán valoradas.
 

Libro.....	1
Revista Espezizada.....	0,25
Revista Non Espec.....	0,10

De seren varias os autores, dividirse a puntuación polo seu número.
- As publicacións en CD-ROM ou vídeos puntúan

como publicacións en revista especializada. Deberán presentar orixinal perfectamente rexistrado.

- As emisións radiofónicas ou televisivas puntúan como publicacións en revista non especializada. Deberán xustificarse mediante certificacións da emisora e acompañar copia da gravación.
- As comunicacións a congresos, publicadas en libro, serán valoradas dividindo o punto que corresponde polo número de achegas persoais publicadas no libro
- Non serán valoradas as publicacións nas que sexa autor e editor
- Esixirase unha certificación da editorial na que conste o nº de exemplares e a súa distribución en librerías comerciais.
- No caso de publicacións só en formato electrónico presentarase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica, sinalando a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.



### G.1.7) Titulacións Réxime Especial

- Titulacións de Conservatorios de Música e Danza:
  - Grao Medio de Danza: superados 7 cursos ballet clásico ou danza epañola.
  - Grao medio = “Título de Profesor de ....”
  - Grao elemental non LOXSE = “Diploma elemental”. Non puntúa
  - Grao elemental LOXSE, non puntúa.
- Os títulos de Graduado en Artes Aplicadas e Oficios Artísticos ou Centros de Artesanía e Deseño non puntúan.
- Idiomas: os tres primeiros cursos equivalen a ciclo elemental.
- Ciclo superior da Escola de Idiomas: se non se presenta o título do Ciclo Elemental ou ben un certificado de estudos só se puntúa o C. Superior.

## Propostas de CIG-Ensino ao concurso de traslados

A convocatoria coincide coa do ano pasado, coa única diferenza de que este ano é de ámbito galego. Neste sentido a Consellaría a penas aceptou propostas, baseándose na idoneidade de manter as mesmas bases ca en anos anteriores e na inminencia dun novo Real Decreto de Concurso de traslados que se está a negociar en Madrid neste momento.

Canto ao ámbito do concurso, a CIG manifestou que este concurso debía manter o seu carácter galego pois é necesario para recolocar os efectivos da Consellaría, considerando ademais que a chegada de profesorado de fóra de Galiza incide na colocación de determinadas especialidades e nas prazas do profesorado interino. Outras OOSS propuxeron que o Concurso fose aberto. A Administración respondeu que manterían o carácter galego do concurso porque precisan colocar ao profesorado aprobado nas últimas oposicións. Permitir a participación de profesorado doutras comunidades daría lugar a dificultades de colocación para o profesorado galego nalgunhas materias, ademais de ter como consecuencia a perda de postos de traballo para o profesorado interino, por outro lado manifestaron que os concursos pactados entre comunidades serían de dúbido carácter legal.

Respecto dos prazos do concurso comunicaron que a súa previsión, que dependerá da negociación das vacantes, é **publicar todos os concursos a mediados de novembro**.

### PROPOSTAS DA CIG-ENSINO PARA TODOS OS CONCURSOS

- Que se acredite o coñecemento e a **competencia en lingua galega** en todas as especialidades e convocatorias. Por outro lado, xa que neste concurso se segue primando a puntuación subxectiva, propoñemos que se valore a impartición de aulas en galego, o que sería unha medida de incentivación positiva de uso do noso idioma
- Pode levar a confusión a explicación de que a secretaría dos centros non son oficinas para presentar documentación, segundo a Lei 30/1992. Debe recoller que só para **efectos do CT as secretarías dos centros deben facer esa función**. A alta participación que se vai dar neste CT amosa, unha vez máis, a urxencia de administrativos/as nos centros de Primaria e Infantil.
- Que se permita que nos días previstos para **emendar erros** se poidan rectificar códigos de zona, localidade, etc.
- Demandamos que todos os **membros que actúen na comisión de baremación** sexan elixidos a sorteo e que a inspección educativa non forme parte destas comisións, excepción feita do concurso de inspectores.
- Lembramos a importancia de que as organizacións sindicais esteamos presentes nas comisións en que se revisen as reclamacións.
- Lembramos tamén que se siga mantendo a reserva do destino durante tres anos no caso da ex-

cedencia por coidado de fillo.

- Que se elimine de todos os baremos a puntuación polo desenvolvemento de postos na Administración.
- Respecto dos prazos de reclamacións que se recolla na resolución provisional que será de dez días hábiles. *Responden que vai haber dificultades por mor dos prazos de renuncia á xubilación anticipada, que este ano se reducirán para axilizar a resolución do concurso.*

### VACANTES

- Desde a CIG-Ensino seguimos reclamando que se negocien as vacantes en todas as Xuntas de Persoal. O pasado ano, ante a nosa insistencia e as nosas reclamacións por escrito, as provincias de Pontevedra, e a Coruña, onde non se realizaba esta negociación, acabaron por enviar unha listaxe das vacantes á que se podía facer achegas, mais isto non é propiamente unha negociación. Así pois, insistimos na necesidade de que haxa un compromiso firme de negociación das vacantes nas Xuntas de Persoal de cada provincia antes da súa publicación, tendo en conta as xubilacións anticipadas, as vacantes existentes e o acordo de cadros de persoal de 8 de xuño de 2006, que debe ser aplicado debidamente en todos os centros educativos considerando as diversas necesidades dos centros, e atendendo tamén ás unitarias, onde o profesorado segue sen ter o mesmo horario có resto dos seus compañeiros. *Ante a nosa*

*insistencia informan de que se lle lembraron ás inspeccións de todas as provincias que hai que negociar as vacantes. Ademais manifestaron que, a non ser que houberse erros flagrantes, respectarían as propostas que lles chegasen das provincias.*

• Así mesmo reclamamos que as **vacantes provisionais se publiquen antes do concurso** (e por tanto eliminar a referencia ao mesmo día da publicación) e **as definitivas antes de que se publique a resolución provisional**, evitando que se produzan as enormes diferenzas entre os listados provisionais e definitivos que se produciron anos pasados. E que se cumpra, porque nos concursos dos dous anos anteriores as vacantes definitivas non se publicaron no período de reclamacións e renuncias como estaba establecido. *Sobre as vacantes definitivas responden que non se pode modificar o texto pois é imposible tecnicamente comprometerse a que esa publicación sexa anterior á resolución*

*provisional, por mor dos prazos da xubilación anticipada e tamén porque teñen que levar a resolución do concurso a unha unidade informática estatal, que está previsto que a realice sobre o 18 de febreiro.*

• Ofertar todas as **vacantes de mestres do primeiro ciclo de ESO. Din que están dispostos a sacar todas as prazas que haxa, mais as vacantes que quedan no 1º ciclo da ESO non se cobren, poñen como condición para sacalas que haxa horas suficientes nese ciclo e non haxa restos en Secundaria para non ter que mandar ademais un PES.**

### **BAREMACIÓN**

Para a CIG os concursos están cargados de **meritocracia**, servizos á administración, cargos directivos, condición de catedrático, todo iso debería ser eliminado. Para a CIG-Ensino o concurso de traslados debería fundamentarse na puntuación por antigüidade no centro e no corpo. Mais,

mentres existan as puntuacións subxectivas, entendemos que se debe puntuar a todos, tomando como referencia a Orde de acción tutorial, todas as coordinacións e dinamizacións (biblioteca, TICs, convivencia, etc.), **ademais deberían puntuarse no concurso as substitucións, é inasumíbel que o profesorado que ten que realizar a substitución dun cargo non teña nin o recoñecemento a efectos do concurso, neste caso non hai que levalo a intervención, é unha simple xestión da Consellaría.**

• Solicitamos unha actualización dos criterios empregados e a súa publicación como **Circular aos centros** así como na páxina web, e a súa **unificación entre todas as comisións**, especialmente no relativo a publicacións.

• Engadir, dentro da temática dos cursos de formación e perfeccionamento **os de contido transversal, cultura galega, etc.** Apartado E) do concurso de Mestres.

• Estamos en desacordo con que



os cargos directivos, outras coordinacións e o desempeño de cargos só puntúan cando se desempeñan como funcionarios/as de carreira. **Deben considerarse tamén os que se desempeña desde a condición de interino ou funcionario en prácticas.**

- **Certificación de oficio da puntuación por cargos directivos e coordinación**, incluíndo interinos/as e funcionarios/as en prácticas.

## OUTRAS CUESTIÓNS

- Nalgunhas delegacións xa se reclamou a **revisión das Zonas educativas**. Hoxe en día a determinación das localidades a efectos do exercicio de dereito preferente ou de itinerancias por en evidencia que non en todos os casos están debidamente demarcadas. A determinación de vacantes debería ser un empuxe para que se realice esta revisión. *Recollen a proposta para estudala de cara ás futuras convocatorias a realizar despois do novo Real Decreto.*

- Debe quedar perfectamente claro quen ten a **responsabilidade á hora de realizar a determinación final das vacantes**, non pode seguir sucedendo que cando se reclama unha vacante en inspección se nos remita á Consellaría e viceversa, que se nos diga que hai informe favorábel de inspección e logo na Consellaría non o coñezan.... *Responden que é a Consellaría que ten esa responsabilidade.*

- Vacantes en **seccións bilíngües**: debería haber un anexo máis que recollese todos os centros en que existen estas sec-

cións con mención da especialidade, para que se poida saber cales poderían ser as resultas, que materias imparten e en que idioma.

- Que se elimine a obrigatoriedade de presentar o certificado editorial para as publicacións das organizacións públicas nas obras publicadas por elas. Ademais que este requisito soamente se esixa para as obras publicadas despois de 2006, ano en que comezou requirir este certificado.

## CONCURSO DE TRASLADOS ENTRE FUNCIONARIOS DO CORPO DE MESTRES

- Revisar o catálogo publicado para **ofertar todas as vacantes** que teñen que saír como consecuencia do acordo de catálogos de 8 de xuño que asinamos e que se creen todas as unidades en funcionamento. Nas Delegacións hai constancia da problemática habida neste inicio de curso por mor da modificación do catálogo de postos publicado en agosto, sen pasar por ningún organismo, nin ser previamente negociado, como debería de ser. Neste momento seguimos reclamando que se modifique ese catálogo no que ten que ver cos centros aos que se lles suprimiron unidades e que deberían manter as existentes. Estas reclamacións deben ser atendidas nas Delegacións e recollidas á hora de establecer as vacantes. Ademais deberían crearse como vacantes todas as unidades que están en funcionamento. Entendemos que debe haber **unha importante oferta de vacantes**, consideran-

pra o acordo de 8 de xuño, especialmente no apartado Normas Xerais: "Cando os cadros de persoal básicos non permitan cubrir as horas de redución do equipo directivo, as reducións por coordinación docente e outras establecidas regulamentariamente, así como un número de gardas suficientes para incidencias, a Administración dotará ao centro dos recursos necesarios para a súa organización."

- Demandamos que o **dereito preferente** soamente se estea obrigado a exercer **pola especialidade que se obtivo por oposición** e polo tanto que non haxa que exercelo por todas as especialidades para as que se está habilitado

- Que a **folia de servizos se peche o 31 de agosto de 2010**. *Non o aceptaron.*

- Que se poidan **solicitar até 500 destinos**, como hai dous anos. *Aceptan a proposta vinculada a que a aplicación informática o permita, posto que o concurso se resolve nunha aplicación informática que a Consellaría non ten, senón que é a mesma que resolve o concurso estatal.*

- Que se **especifique nas convocatorias de mestres que hai que marcar o código da especialidade ao lado do código do centro ou localidade**.

- Que se **revise a relación de postos de difícil desempeño**, polos que se pode puntuar no concurso, e que están sen revisar desde 1990, recollendo os postos dos centros penais. Neste sentido, a CIG-Ensinou xa presentou un escrito o ano pasado. *Indican que recollen esta proposta para realizar esa revisión antes*

da convocatoria do concurso de acordo co futuro Real Decreto.

- Que se valoren tarefas como as titorías e Xefaturas de Orientación.
- Deben **recollerse os méritos artísticos**, que se teñan en conta en primaria como en Secundaria.
- Non se lles debe outorgar puntuación aos directores/as de agrupación de lingua e cultura españolas (g.1.1.)
- De existir o apartado g.1.3. **que se puntúe** o coordinador/a de ciclo, o/a responsable de biblioteca, de convivencia, titores/as,

todos/as os/as responsábeis de dinamización, etc.

- **Supresión** do apartado g.1.4 referido ao desempeño de postos na administración.
- Propomos que os **destinos forzados só se adxudiquen pola especialidade á que se accedeu**.
- G.2. Recollíase o ano pasado, xa sabemos que entón era un concurso estatal, mais xa dixéramos que nos gustaría vernos reflectidos nese apartado de valoración de em-

prego da nosa lingua. Por certo que si aparece no concurso de Inspección e no de Secundaria.

**PROFESORADO OGRIGADO A PARTICIPAR NO CURSO 2009-10**

Situación do profesorado	Efectivos
Suprimido	116
Desprazado	6
Reingresado	3
Provisional	810
En Prácticas	715
<b>TOTAL</b>	<b>1650</b>

**PROFESORADO QUE NUNCA OBTIVO DESTINO DEFINITIVO**

Profesorado	ESPECIALIDADES								Total
	31 EI	32 FI	33 FF	34 EF	35 EM	36 PT	37 AL	38 EP	
Oposición 2007	0	19	0	0	0	59	63	0	141
Oposición 2008	33	98	0	0	0	99	63	376	669
Func. Prácticas	254	80	29	69	71	60	52	100	715
<b>TOTAL</b>	<b>287</b>	<b>197</b>	<b>29</b>	<b>69</b>	<b>71</b>	<b>218</b>	<b>178</b>	<b>476</b>	<b>1525</b>

**AFILIATE**  
Na defensa do ensino Público galego

Confederación Intersindical Galega  
**ENSINO**  
www.cig-ensino.com

**PROCESO DO CONCURSO DE TRASLADOS**

- 1 **Baremación de méritos** pola Comisión (unha vez baremadas vanse publicando en internet).
- 2 Publicación oficial da **puntuación provisional**.
- 3 **Reclamación** á puntuación provisional (dirixida á Secretaría Xeral). 10 días naturais
- 4 Revisión das reclamacións presentadas e publicación da **puntuación definitiva**.
- 5 **Resolución provisional do concurso de traslados (DOG)**.
- 6 Prazo para **reclamacións** á adxudicación provisional ou para a **renuncia** (dirixida á Secretaría Xeral).
- 7 **Resolución definitiva do concurso de traslados (DOG)**.
- 8 **Recurso de alzada** (dirixida á Conselleira) no prazo de 1 mes (fin da vía administrativa).
- 9 **Recurso contencioso-administrativo** (vía xudicial).

**Os nosos locais**

**Santiago (Nacional)**  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
15706. Santiago de Compostela  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
galiza@cig-ensino.com  
santiago@cig-ensino.com

**A Coruña**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.com

**Baixo Miño**  
Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.com

**Morrazo**  
Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.com

**Ferrol**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.com

**Lugo**  
Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.com

**Ourense**  
P. de San Lázaro 12, 4ºD  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.com

**Pontevedra**  
R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.com

**A Mariña**  
27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.com

**Val de Monterrei**  
R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.com

**Vigo**  
R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.com

**Salnés**  
R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.com